



ADDENDA ÁS PROGRAMACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

INTRODUCCIÓN

En base ao disposto pola Orde de 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía acorda establecer as modificacións pertinentes ás Programacións Didácticas das materias impartidas para o vixente curso: Bioloxía e Xeoloxía de 1º, 3º e 4º de ESO, Promoción de Estilos de Vida Saudable 1º ESO e Paisaxe e Sustentabilidade 2º ESO.

En todos os casos a terceira avaliación parcial terá lugar o 6 e 7 de xuño e a avaliación final o 23 de xuño (elimínase a avaliación extraordinaria).

Nas materias de Bioloxía e Xeoloxía de 1º, 3º e 4º de ESO os bloques “Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica” e “Proxecto de investigación” do currículo oficial da materia trabállanse ao longo de todo o curso de forma transversal a toda a materia.

Sen embargo, os restantes bloques van asociados a estándares de aprendizaxe ligados indisolublemente a contidos moi diferentes malia que relacionados entre si.

Por este motivo cómpre sinalar que nas materias impartidas polo Departamento de Bioloxía e Xeoloxía a avaliación é continua pero non progresiva, polo que o aprobado na terceira avaliación non implica que se aproben as anteriores, dado que se avalían diferentes estándares nas distintas avaliacións.

AVALIACIÓN CONTINUA

Mantense o sistema que se programou a inicio de curso, agás a proba final de recuperación en xuño dividida en bloques por trimestres, que se elimina.

AVALIACIÓN FINAL

Durante o período comprendido entre o 6 e o 23 de xuño o alumnado cunha ou máis avaliacións suspensas realizará actividades de apoio, reforzo e recuperación relacionadas cos contidos correspondentes. Dado que é preciso traballar as ampliacións para os alumnos que superaron a materia e reservar sesións para as probas de recuperación parciais, o tempo que se pode dedicar na aula a apoio e reforzo queda considerablemente limitado. Nestes días o alumnado deberá facer probas de recuperación parciais e entregar, de ser o caso, as tarefas necesarias que lles permitan recuperar as avaliacións suspensas.

O alumnado con todas as avaliacións aprobadas realizará actividades de ampliación e/ou afondamento durante o período comprendido entre o 6 e o 23 de xuño. Estas actividades e probas repercutirán nun incremento da nota de ata un punto sobre a media ponderada das tres avaliacións.

A cualificación da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións trimestrais tendo en conta os resultados obtidos nas recuperacións realizadas ao longo do curso ou nas probas e tarefas realizadas no período comprendido entre o 6 e o 23 de xuño cando sexan favorables ao alumno. A nota mínima por avaliación despois das recuperacións e nas probas e tarefas adicionais no período mencionado para poder facer media é de 4 sobre 10. As actividades de ampliación e/ou afondamento poden sumar un punto extra á media aritmética.

A cualificación final expresarase redondeando a nota obtida, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é igual ou superior a 0'7 e ao anterior nos restantes casos.

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O exame final de maio para os que non superaran a materia mediante a presentación de boletíns e realización de exames parciais ao longo do curso substitúese por unha proba que se fixará no período comprendido entre o 6 e o 23 de xuño.